



Orde Circular 1/2005 Emprego de emulsións termoadherentes

Dende hai algúns anos existen no mercado dunhas emulsións termoadherentes para a súa utilización como regos de adherencia para a unión de capas de aglomerado.

O superior custe deste material queda compensado coa súa maior eficacia xa que se asegura a boa unión entre capas, conseguíndose máis facilmente un verdadeiro paquete de firme, o que é imprescindible para unha maior durabilidade da estrada e, polo tanto, unha redución dos custes de conservación.

A experiencia desenvolvida con estas emulsións é claramente satisfactoria e as especificacións do produto están perfectamente determinadas nos pregos de condicións.

Os seus inconvenientes máis reseñables son a súa dificultade de almacenaxe e unha maior esixencia na posta en obra xa que ó tratarse de betumes moi duros requírese unha maior e continua limpeza dos difusores da rampla de dosificación. A dificultade de almacenaxe eludirase canto máis estendido estea o seu uso e en canto á limpeza de difusores resólvese cunha maior atención do persoal encargado do rego.

En conclusión, instase ós directores de proxectos á inclusión neles das emulsións termoadherentes como rego de adherencia entre capas bituminosas de modo xenérico (non só baixo a capa de rodadura).

Se por algunha razón nalgún caso se pretende utilizar outro tipo de emulsión como rego de adherencia haberá de xustificarse expresamente.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2005

Director xeral de Obras Públicas



Asíno Agustín Hernández Fernández de Rojas



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA TERRITORIAL
OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA
Dirección Xeral de Obras Públicas
Subdirección Xeral de Estradas

Edificio Administrativo San Caetano s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981-545400

Distribuidores en Galicia:

Probisa
Corvisa
Proas (Cepsa)
Repsol

	Prezo aprox.	Dosificación
ECR-1:	195 €/tn	0,5 kg/m ²
ECl:	193 €/tn	
ECR-2:	206 €/tn	
Termoadherente:	225 €/tn	0,4 kg/m ²